

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Economía, Facenda e Réxime Interior

*Nomeamento vogal suplente comisión valoración do proceso selectivo praza traballadora/or social de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira polo procedemento de oposición*

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal do 23 de febreiro de 2022, resolveuse o seguinte:

**“Primeiro.**–Nomear a dona Elena Lousa López, animadora de Servizos Sociais, como vogal suplente da comisión de valoración do proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de traballadora/or social de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición, en substitución de dona Teresa Molares Cabana.

**Segundo.**–Esta Resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos das bases específicas desta convocatoria.

En Culleredo, a 24 de febreiro de 2022.

A concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal

Asdo.: Marta María Figueroa Fuentes

PD. (Resolución do 13.07.2020; BOP 23.07.2020, núm. 114)